Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

SOCIAIS 4

Tema 09
En tempos dos romanos

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

Orientacións didácticas

- Presentamos o tema da romanización a partir dun texto actual e dunha imaxe procedente dun mosaico da época, ambos referentes a espectáculos que se levaban a cabo no circo.

Solucións das actividades

1. Resposta persoal. A modo de exemplo, o alumnado pode comentar que os romanos procedían da cidade de Roma, pero que chegaron a ter un imperio moi vasto, que ocupaba gran parte de Europa.

2. Actividade persoal. Por exemplo: acueduto, sumidoiros, administración...

3. A imaxe representa unha cuadriga, é dicir, un carro tirado normalmente por catro cabalos.

   Resposta peroal. A modo de exemplo, o alumnado pode sinalar que os espectáculos de cuadrigas teñen orixe grega e que foron adoptados polos etruscos e posteriormente polos romanos.

4. O texto fálanos da época dos romanos.

   Sitúase na cidade de Tarraco, na actual Tarragona.

   Os feitos suceden no circo de Tarraco.

5. Unha *cuadriga* é un carro impulsado habitualmente por catro cabalos colocados en ñiña, que se utilizaba sobre todo en carreiras.

   Un *auriga* é un condutor dun carro de cabalos.

6. Resposta persoal. O alumnado debería sinalar os seguintes puntos:

   Os aurigas levaban un vestido de coiro. Cada equipo identificábase cunha cor distinta, que era determinada pola cor do coiro: azul, branco, verde ou vermello.

   Ademais, protexíanse dos golpes e caídas cun casco do mesmo material que o vestido.

   Levaban as rendas que conducían os cabalos, ligadas á cintura para evitar que, coas manobras e a velocidade, lles fuxiran das mans.



Intelixencias múltiples	Activ.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	5	Buscar o significado da palabra cuadriga e auriga.
	6	Describir como van vestidos os aurigas e como foi a carreira.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Conciencia e expresións culturais	Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia Valorar ariísticamente diversas manifestacións físicas	Coñecer quen foron os romanos, de onde viñeron, o porque da súa importancia e mencionar tres palabras para relacionalos. Act. 1 Describir a representación en forma de mosaico. Act.3
Comunicación lingüística	Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.	Expresar a que recordan o ambiente de circo e a celebración da vitoria e relacionalo con algún deporte actual. Act. 7
Dixital	Utilizar as Tecnoloxías da Información para obter e expresar contidos.	Buscar información sobre os espectáculos de cuadrigas do circo romano e explicar en que consistían. Act. 3



Mosaico romano que amosa unha cuadriga.

Unha tarde de circo

O día seguinte tiven a oportunidade de presenciar unha carreira de cuadrigas no circo de Tarraco. Estas carreiras espertaban unha paixón especial entre a xente, sen distinción de riqueza, e todos apostaban polo seu auriga preferido.

Na competición participaron as catro mellores cuadrigas de Hispania: Calimorfus era o auriga do equipo dos vermellos; Aristarco levaba a cuadriga dos verdes; Lucius Micinus conducía a dos azuis, e Mesala guiaba a dos brancos.

Os aurigas levaban un vestido de coiro coas cores do seu equipo e, para protexeren a cabeza, un casco que era tamén de coiro. Para evitar que as rendas lles escapasen das mans, levábanas enroladas na cintura.

Despois de que os xuíces verificasen que as cuadrigas cumprían co regulamento, e de que os marcadores estivesen a punto para controlar as dez voltas obrigatorias, un xuíz deu a orde de saída.

As catro cuadrigas lanzáronse a unha carreira tola. Os xuíces e empregados fustrigaban os cabalos cando pasaban ao seu carón e outros remollábanos con caldeiros de auga fría para refrescalos. Á quinta volta, dúas cuadrigas bateron e tiveron que se retirar. Calimorfus foi quen entrou vitorioso na meta no medio do delirio xeral.

Os seus seguidores saltaron á arena e deron unha volta ao circuíto levando a ombros o seu heroe, mentres unha chuvia de flores lles caía enriba.

F. Xavier HERNÁNDEZ: *Lucio Emilio Paterno. Legionario y ciudadano romano.* (Traducido e reelaborado). Barcelona, Editorial Graó, 1986.

Le e comprende

4. De que época nos fala o texto? Di en que cidade se sitúa. En que edificio suceden os feitos?

5. Busca o significado das palabras "cuadriga" e "auriga".

Exprésate coas túas palabras

6. Describe como van vestidos os aurigas e como foi a carreira.

7. Que che lembran o ambiente do circo e mais a celebración da vitoria? Pódelo relacionar con algún deporte actual? Razóao.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/738998 – Vídeo que reconstrúe a estrutura urbana de Tarraco. A partir do minuto 2 amosa o circo romano da cidade. Utilizarémolo para a actividade de ampliación.
- http://www.tiching.com/688265 – Nesta páxina encontramos mapas interactivos que comprenden máis de 5.000 anos de historia da humanidade, o primeiro dos cales corresponde ao 3500 a.C. Hai planisferios e tamén mapas máis detallados, acompañados dunha breve contextualización escrita.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

A carreira funcionaba así:

En primeiro lugar, os xuíces tiñan que verificar que todo estivera en orde para empezar. Isto é, que o marcador e as catro cuadrigas que participaban estiveran en estado regulamentario.

Entón un xuíz daba a orde de saída e a carreira podía empezar.

Tratábase de dar dez voltas á pista do circo, mentres xuíces e empregados fustigaban os cabalos e lles tiraban auga para refrescalos.

Polo que lemos no texto, a cuadriga gañadora era fortemente aclamada polo público, incluso ás veces, os espectadores baixaban á area para pasear o heroe a ombros.

7. Resposta persoal.

Actividades de reforzo

1. Veremos o vídeo que se propón en Navegamos por Tiching:

http://www.tiching.com/738998

- *En que século se construíu o circo de Tarraco?*
- *Cantos espectadores cabían nel?*
- *Cal era a principal arteria da cidade?*

Solución:

- O circo de Tarraco construíuse a finais do século I d.C.
- No circo cabían 23.000 espectadores.
- A principal arteria da cidade era a Vía Augusta.

2. Consultamos a páxina proposta en Navegamos por Tiching:

http://www.tiching.com/688265

Describe que cambios se observan no mapa do mar Mediterráneo do 200 a.C, do 30 a.C. do 200 d.C. e do 500 d.C.

Solución: O Imperio Romano vai ampliando as súas fronteiras, ata que aparece fragmentado en 500 d.C.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- Este apartado está dedicado aos pobos que encontraron os romanos cando chegaron á Península Ibérica: os celtas e os iberos.

- Coñeceremos as características que comparten e tamén as que os diferencian.

Solucións das actividades

1. Os iberos habitaban o Leste e o Sur da Península Ibérica, os celtas, o Norte e o centro.

   Resposta persoal.

2. O poboado celta da ilustración presenta unha forma circular e está rodeado por unha muralla de pedra con dúas portas.

   O poboado ibérico do debuxo presenta unha forma xeométrica e organízase arredor dunha praza e dun par de rúas principais.

   Observamos as seguintes similitudes:

   Para defenderse, ambos os dous poboados estaban rodeados dunha muralla.

   Pola mesma razon, tanto o poboado celta como o ibero estaban situados en zonas elevadas.

   En ambos os poboados os homes e mulleres conviven cos animais.

   Ademais das vivends particulares, nos dous poboados encontramos edificios públicos ou militares. No celta, vemos unhas construcións de tamaño superior ao das casas no centro; no ibero, unha fortaleza pegada á parte superior da muralla.

   Os cultivos e campos de pasto situábanse fóra das murallas.

   Os poboados iberos e celtas diferenciábanse porque:

   As casas celtas eran circulares, mentres que as ibéricas adoitaban ser rectangulares.

   A diferenza do poboado ibérico, o poboado celta ten unha forma circular como a das súas casas.

   As casas celtas eran máis sinxelas, cun teiro de ramas e palla, mentres que as ibéricas tiñan o teito recuberto de arxila, que o facía impereable á chuvia.

   Os celtas distribuían as súas casas desordenadamente polo

1 Os pobos iberos e celtas

No primeiro milenio a.C., antes da conquista romana, a Península Ibérica estaba habitada por iberos e celtas, que se coñecen como pobos prerromanos.

1 Os pobos prerromanos

Os iberos habitaban o Leste e mais o Sur peninsulares, e os celtas, o Norte e o centro.

Ambos os dous pobos tiñan algunhas características en común:

- Vivían en **poboados amurallados** situados en zonas elevadas para facilitar a defensa.
- Practicaban a **agricultura** (cereais e legumes) e a **gandaría** (cabras, ovellas e porcos).
- Eran grandes **artesáns** e elaboraban pezas de cerámica e tecidos de la. Tamén fabricaban instrumentos e armas de bronce e ferro.
- Organizábanse en **tribos** ou **clans** e estaban gobernadas por un rei ou caudillo.

2 Os castros celtas

Os poboados celtas, chamados **castros**, estaban amurallados e tiñan casas circulares distribuídas de xeito desordenado.

As casas eran moi sinxelas, feitas con muros de adobe ou pedra e teitos de pólas e palla.

Os touros de Guisando (Ávila) son unha mostra da escultura celta. Probablemente eran divindades protectoras do gando.

138 Tema 9

O TERRITORIO DE IBEROS E CELTAS

1. Que territorio ocupaban os iberos e os celtas?
   A que zona pertencía o territorio no que vives?

UN CASTRO CELTA



Intelixencias múltiples	Activ.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	1	Identificar o territorio que ocupaban os iberos e celtas.
	2	Describir como eran os poboados e as vivendas dos celtas e iberos con semellanzas e diferenzas.
	4	Contestar quen foron os pobos colonizadores, de onde proviñan e en que punto da Península Ibérica se instalaron.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Ler, comprender e asimilar a información relacionada cos celtas e iberos. Act. 1
Comunicación lingüística	Utilizar diferentes variantes do discurso. Ler un texto e responder as preguntas sobre o seu contido	Comparar as culturas celta e ibera e valorar os seus trazos en común. Act. 3 Responder as preguntas de comprensión lectora. Act. 4
Aprender a aprender	Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Razoar por que os intercambios comerciais foron máis abundantes entre os iberos que entre os celtas. Act. 5

3 As tribos ibéricas

Os poboados ibéricos estaban fortificados. As vivendas adoitaban ter forma rectangular e ordenábanse ao redor de prazas e rúas.

Os muros das casas eran de pedra, barro e pólas, e o teito recubríase de arxila para facelo impermeable.

Nos seus intercambios ou trocos, os iberos comezaron a usar a **moeda**.

Diferenciándose dos celtas, os pobos ibéricos tiñan un sistema propio de **escritura**.

A Dama de Elxe é unha mostra da escultura ibérica, que está moi influenciada pola arte dos pobos colonizadores.

4 A chegada de pobos colonizadores

Durante o primeiro milenio a.C., unha serie de pobos procedentes do Mediterráneo (**fenicios**, **gregos** e **cartaxineses**) chegaron ás costas da Península Ibérica, xa que estaban interesados na súa riqueza mineira.

Estes pobos fundaron **colonias** desde as que comerciaban coas tribos ibéricas, sobre as que tiveron unha grande influencia. As colonias máis importantes foron **Gadir** (Cádiz) dos fenicios, **Rhode** (Rosas) e **Emporion** (Ampurias) dos gregos, e **Carthago Nova** (Cartaxena) dos cartaxineses.

2. Describe como eran os poboados e as vivendas dos celtas e dos iberos. Compáraos e atopa cinco semellanzas e cinco diferenzas.

3. Compara a cultura celta e a ibérica. Que elementos teñen en común? Coñecían ambas as culturas a escritura e a moeda?

4. Quen foron os pobos colonizadores? De onde proviñan? En que zonas se instalaron na Península Ibérica?

5. Por que cres que os intercambios ou trocos comerciais eran máis abundantes entre os iberos ca entre os celtas?

VOCABULARIO

Colonia: Cidade fundada por persoas chegadas doutro territorio, coa intención de comerciar ou aproveitar os recursos do lugar.

poboado, mentres que os iberos as ordenaban arredor de prazas e rúas.

No poboado ibérico distinguimos catro torres de defensa, estruturas que no existen no poboado celta.

Porén, o poboado celta está rodeado por un foxo.

3. Os celtas e os iberos compartían algunhas caracteristicas:

Os dous pobos organizábanse en tribos ou clans que gobernaba un rei ou un caudillo.

Os dous pobos coñecían a agricultura de cereais e legumes e, sobre todo, a gandería con cabras, ovellas e porcos.

Con bronce e ferro sabían fabricar instrumentos, armas e artesanía de gran calidade, así como tecidos de la e cerámica.

Non obstante, os iberos utilizaban a moeda para facilitar os intercambios comerciais, mentres que os celtas seguían funcionando co troco.

Tamén a diferenza dos celtas os iberos tiñan un sistema propio de escritura.

4. Os pobos colonizadores foron os fenicios, gregos e cartaxineses.

Os fenicios procedían do levante mediterráneo; os gegos de Grecia e os cartaxineses de Cartago.

Os fenicios instaláronse en Cádiz, os gregos na costa catalá, os cartaxineses en Cartaxena.

5. Resposta persoal. A modo de exempo. Os intercambios comerciais eran máis abundantes entre os iberos porque habitaban as zonas da costa mediterránea a onde chegaron os pobos colonizadores.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/688321 – Breve documento audiovisual que amosa como era o poboado celta da citania de Santa Tecra.
- http://www.tiching.com/688322 – Reconstrución en 3D dunha casa ibérica: como se construía e que materiais se utilizaban.
- http://www.tiching.com/738999 – Vídeo sobre a presenza de celtas e iberos na Península Ibérica.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Orientacións didácticas

- Esta sección resume brevemen-te a historia do Imperio Romano: a orixe da cidade, a posterior expansión polo Mediterráneo e o establecemento dunha civilización que aínda constitúe a base da nosa cultura.

Solucións das actividades

1. Roma foi fundada no século VIII a.C, pola tribo dos latinos.

   Unha lenda explica que a cidade foi fundada por Rómulo e Remo.

2. Unha lenda é unha narración máis imaxinaria ou m arabillosa que histórica ou verdadeira. A pesar disto, ás veces as historias que explican, poden ter un transfondo real, que foi desenvolto e modificado pola tradición.

   Resposta persoal. En termos xerais, o alumnado ten que responder que segundo a tradición romana, Rómulo e Remo foron dous xemelgos que fundaron a cidade de Roma.

   Eran fillos do deus Marte e de Rea Silvia. O tío de Rea Silvia, Amulio, usurpoulle o tron oao seu irmán, o pai de Rea Silvia.

   Logo, para non ter rivais no trono, puxo a Rómulo e a Remo dentro dun cesto e tirounos ao río Tíber.

   O cesto quedou enganchado na beira do río e foi atopado por unha loba, Luperca, que alimentou os dous nenos ata que estes foron adoptados por unha parella de pastores.

   Como dixemos, os feitos que narra unha lenda non son verídicos en sentido estrito, aínda que poden ter un trans-fondo real, que se foi transformando a medida que a lenda se transmitía de xeración en xeración.

3. Roma puido conquistar tantos territorios grazas ao poderoso exército que formou, no que participaban todos os homes da cidade.

   Este potente exército primeiro conquistou a Península Itálica e posteriormente as terras que rodeaban o mar Mediterráneo.

   Grazas a isto, a cidade de Roma

3 Quen eran os romanos?

Roma foi unha das grandes civilizacións da Idade Antiga. Os romanos conquistaron moitas terras e formaron un grande Imperio ao redor do mar Mediterráneo.

1 As orixes de Roma

Roma é unha cidade da Península Itálica, fundada no século VIII a.C. pola tribo dos **latinos**.

Os descendentes dos fundadores de Roma foron os **patricios**, os máis ricos da cidade. Posuían as terras e gobernaban a cidade.

O resto de habitantes de Roma, os **plebeos**, dedicábanse principalmente á agricultura, á artesanía e ao comercio.

Unha lenda relaciona os xemelgos Rómulo e Remo, que foran criados por unha loba, coa fundación da cidade de Roma.

1. Cando se fundou Roma? Quen o fixo?
2. Que é unha lenda? Busca máis información sobre a lenda de Rómulo e Remo.

O exército romano estaba organizado en lexións, formadas por uns 5 000 soldados, os **lexionarios**. A maioría eran soldados que ían a pé, aínda que tamén había cabalaría.

2 De cidade a Imperio

Os romanos formaron un **exército** moi poderoso co que conquistaron as terras que rodeaban o Mediterráneo. Dese xeito, Roma fíxose moi rica e forte.

No século I d.C., Roma converteuse nun **Imperio** gobernado por un emperador, que tiña todos os poderes.

Xulio César e **Octavio Augusto**, primeiro emperador de Roma, foron dous dos grandes conquistadores romanos.

O Imperio romano acabou no ano 476 d.C., en tempos do emperador Rómulo Augusto, cando foi invadido por pobos procedentes do Norte de Europa.

3. Que lle permitiu a Roma conquistar tanto territorio? En que se converteu a cidade?
4. Como era o exército romano? Describe un soldado.

142 Tema 9

Intelixencias múltiples	Activ.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	4	Describir un soldado romano e o exército.
	5	Mencionar o país actual onde está a cidade de Roma.
	6	Identificar o territorio que conquistou Roma.
	8	Consultar un atlas e contestar as preguntas.
Lingüística	7	Ampliar coñecementos dos romanos.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Conciencia e expresións culturais	Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia	Describir que é unha lenda e buscar información da lenda de Rómulo e Remo. Act. 2
Aprender a aprender	Desenvolver técnicas para organizar a información mediante a clasificación en cadros	Completar a táboa coa información dos romanos, pondo en común os coñecementos e clasificándoos nunha táboa coma esta. Act. 7
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Razoar por que Roma conquistou tanto territorio e en que se converteu a cidade. Act. 3

3 A organización do Imperio romano

Os romanos dividiron o territorio conquistado en **provincias**. Ademais, enviaron soldados, gobernadores e funcionarios por todo o Imperio para poder controlalo, cobrar os impostos e impoñer as leis romanas.

Tamén construíron cidades, camiños (calzadas), pontes, acuedutos, portos, etc.

Grazas a estas construcións organizouse un **comercio** moi activo, tanto por terra coma por mar.

Nave comercial romana cargando mercadorías nun porto.

O IMPERIO ROMANO

5. Di en que país actual está situada a cidade de Roma.

6. Que territorios conquistou Roma?

7. Por parellas, e sen consultardes outras fontes, escribide nunha folla as cousas que saibades dos romanos: costumes, goberno, relixión, exército, espectáculos, edificios, etc.

Poñede en común os vosos coñecementos e clasificádeos no encerado da clase nun cadro parecido a este:

Política	Economía	Sociedade	Cultura
...	...	...	...

8. Consulta nun atlas un mapa actual do antigo Imperio romano e responde:

- En que tres continentes tiña territorios o Imperio romano?
- Enumera doce países actuais que no seu día formaron parte do Imperio.

VOCABULARIO

Imperio: Conxunto de territorios baixo a autoridade dun mesmo emperador.

fíxose rica e poderosa, ata se converter nun Imperio que durou desde o século I ao século V.

4. O exército romano organizábase en lexións, cada unha das cales tiña 5.000 soldados, chamados lexionarios.

A maioría dos soldados dunha lexión era de infantería, isto é, desprazábanse a pé. Levaban armadura e mandil para se protexer e lanzas e espadas para atacar.

O soldado situado diante levaba un estandarte coas letras SPQR, que facían referencia a *Senatur Populusque Romanus,* é dicir, indicaba que o exército representaba o Senado e o Pobo de Roma.

Por outro lado, había unha parte do exército, situado na parte posterior da columna, que aparece na ilustración que se desprazaba a cabalo.

5. conquistou, Britania, a Galia, Hispania, a costa do norte de África, Exipto, Siria, Asia Menor, Grecia, Dacia e as illas de Sardeña, Córcega e Sicilia.

7. Actividade en grupo.

8. O Imperio romano tiña territorios nestes tres continentes: Europa, África e Asia.

En Europa: Portugal, España, Francia, Reino Unido (Inglaterra, pero non Escocia), Alemaña, Italia, Grecia, Romanía, Suíza, Austria, Andorra, Luxemburgo, Bélxica, Eslovenia, Croacia, Hungría, Bulgaria, Serbia, Albania, Montenegro, Macedonia.

Na costa africana: Marrocos, Arxelia, Túnez, Libia e Exipto.

Na costa asiática: Turquía, Siria, Israel, Líbano, Xordania, Armenia, Xeorxia, Azerbaián e Irán.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/739000 – Video de 10 minutos sobre o Imperio romano: a estrutura urbana da capital, a súa lenda fundacional, a súa situación xeográfica, a súa historia política, a súa expansión territorial, etc.
- http://www.tiching.com/727538 – Este recurso enlaza coa exposición *Romanorum Vita.* Na súa páxina web encontramos información sobre os soldados do exército romano: como se organizaban militarmente, como vivían, que armas tiñan, que fronteiras defenderon, etc.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- Despois de estudasr os pobos que habitaban a Península, centrarémonos en como foi conquistada polo romanos.
- Estableceremos as fases nas que se divide.
- Apuntaremos os motivos estratéxicos, políticos e económicos.
- Explicaremos como administraban o territorio e destacaremos a importancia da súa rede de comunicacións.

Solucións das actividades

1. Os romanos tardaron uns 200 anos en ocupar o territoro peninsular, e fixérono en catro fases.

Inicialmente ocuparon con certa facilidade a costa mediterránea da Península, que estaba habitada polos iberos: de 218 a.C. a 201 a.C.

Máis tarde, entre os anos 201 a. C. e 154 a. C., avanzaron en dirección oeste.

Entre 154 e 133 a. C. Chegaron a ocupar case a totalidade da Península, a excepción da costa cantábrica occidental.

Este último territorio foi ocupado entre 29 e 19 a. C.

A primeira fase durou 17 anos, a segunda, 47, a terceira, 11 e a cuarta 10. Polo tanto, a fase máis rápida foi a última, pero o territorio que se ocupou era moito máis pequeno que o da terceira fase, por exemplo.

En xeral, a parte ocupada polos iberos, foi máis fácil de conquistar que a ocupada polos celtas, que ofreceron máis resistencia.

2. Os romanos dividiron o territorio peninsular nas seguintes provincias: Gallaecia, Tarraconense, Carthaginense, Lusitania, Baética e Baleárica.

Podemos buscar información na Internet sobre as capitais:

Bracara (Gallaecia), Tarraco (Tarraconense), Cartago Nova (Carthaginense), Emerita Augusta (Lusitania), Hispalis (Baética).

3. Para construír as súas calzadas os romanos seguían este procedemento:

Aprendiz de historiador@

Por que os romanos conquistaron Hispania?

Na súa expansión polo Mediterráneo, os romanos chegaron á Península Ibérica e iniciaron a súa conquista.

Por que os romanos quixeron conquistar a Península? Como o fixeron? De que xeito organizaron o territorio logo da conquista?

DOC. 1 A conquista romana da Península Ibérica

No ano 218 a.C., o exército romano, capitaneado por **Escipión**, desembarcou na colonia grega de Emporion (Ampurias) e comezou a conquista da Península Ibérica.

A conquista durou preto de 200 anos e nela interveu o propio emperador Augusto.

Os **pobos ibéricos** estableceron pactos cos romanos ou foron sometidos con facilidade.

Os **celtas** ofreceron maior resistencia á conquista. Destacaron o caudillo celta Viriato e o longo asedio que sufriu a cidade de Numancia por non querer renderse a Roma.

FASES DA CONQUISTA ROMANA

1. Explica as fases en que se realizou a conquista romana. Cal foi a máis longa? Por que?

DOC. 2 Que motivos tiñan os romanos para conquistaren a Península Ibérica?

No ano 219 a.C., o xeneral cartaxinés Aníbal atacou e conquistou a cidade de Sagunto, que era aliada de Roma.

- **Derrotar os cartaxineses**, os seus principais rivais no dominio do Mediterráneo, que se instalaran na Península Ibérica.
- Conquistar un territorio con abundantes minerais e produtos agrícolas para **explotar as súas riquezas** e levarllas á poboación de Roma.
- Conseguir **novas terras** para entregarlles como premio aos lexionarios do exército retirados.
- Dominar un territorio importante para o **comercio** mediterráneo e atlántico.

144 Tema 9

Intelixencias múltiples	Activ.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	1	Explicar as fases nas que se fixo a conquista romana.
	2	Mencionar as provincias nas que se dividiu Hispania e cal foi a súa capital.
	3	Observar o debuxo e explicar como construían as súas calzadas os romanos.
	4	Identificar os canteiros e explicar cal era o seu traballo
Lingüística	6	Redactar os motivos da conquista romana en Hispania e as vantaxes que conseguiu Roma.
	8	Comentar o significado do vocabulario da frase.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Relacionar elementos diversos establecendo paralelismos...	Relacionar o vocabulario propio de orixe latina. Act. 8
Comunicación lingüística	Expresarse por escrito con corrección ortográfica, sintáctica e gramatical.	Redactar os motivos da conquista romana en Hispania e as vantaxes que conseguiu Roma con este territorio. Act. 6



218 a.C. Desembarco en Ampurias

19 a.C. Fin da conquista romana

Nacemento de Cristo

298 d.C. División de Hispania en cinco provincias

476 d.C. Invasións bárbaras

300 a.C. 200 a.C. 100 a.C. 100 200 300 400 500

Iberos e celtas | conquista romana de Hispania | romanización

DOC. 3 **A organización do territorio despois da conquista**

Os romanos chamáronlle **Hispania** ao territorio conquistado na Península Ibérica.

Para gobernalo, dividiuse en **provincias**. Ao final do Imperio había cinco provincias: Gallaecia, Tarraconensis, Carthaginensis, Lusitania e Baetica, e mais as illas Baleares que formaban a Balearica.

Igual que no resto do Imperio, os romanos construíron en Hispania moitas **cidades** e vías de comunicación.

Unha das principais **calzadas** era a Vía Augusta, que percorría a costa mediterránea dende Roma ata Cádiz.

AS PROVINCIAS DE HISPANIA

5. Grandes lousas de pedra
4. Capa de area
2. Escavación dun foxo
1. Trazado da vía
3. Capa de pedras pequenas

2. En que provincias dividiron Hispania os romanos? Cal era a súa capital?

3. Observa o debuxo, e seguindo os números, explica como construían os romanos as súas calzadas.

4. Cal era o traballo dos picadores de pedra? Cantos podes ver no debuxo?

5. Cales eran as principais calzadas romanas en Hispania? Cal era o seu percorrido?

6. Imaxina que es un historiador romano a quen lle encargaron escribir sobre "A conquista de Hispania". Debes redactar un relato de dez liñas onde expliques os motivos da conquista e as vantaxes que obterá Roma con ela.

7. Busca información e explica o que ocorreu na cidade de Numancia cando os romanos quixeron conquistala.

8. Na actualidade poderiamos ler nun xornal a seguinte frase: "O equipo local perdeu o partido de fútbol de onte, pero defendeuse de forma numantina". Que nos quixo dicir o periodista?

Tema 9 145

En primeiro lugar, había que trazar o percorrido que seguiría a vía e nivelar o chan.

Logo escavábanse dúas gabias laterais que delimitaban os laterais da calzada.

Había que pór unha primeira capa de pequenas pedras que servía para crear unha base o suficientemente sólida como para soportar o peso das tropas militares ou dos carros de mercadorías que as utilizarían.

Encima desta capa de pequenas pedras poníase outra capa, esta vez de area

Finalmente, colocábanse grandes laxas de pedra chás, que encaixaban entre elas.

4. Os canteiros traballaban a pedra.

Nos laterias do debuxo vemos dous deles, que parten grandes bloques de pedra para convertelos nas laxas que se colocan encima da calzada.

Na parte inferior da ilustración aparece outro canteiro que esculpe un bloque cilíndrico.

É posible que este bloque sexa un miliario, unha columna de dous metros de altura que se situaba no lateral das calzadas para sinalar as distancias cada mil pasos.

5. A principal calzada romana en Hispania era a Vía Augusta.

Percorría a costa mediterránea desde Roma ata Cádiz.

6. Actividade persoal.

7. Actividade persoal.

8. Cando se fala da defensa numantina utilízase como sinónimo de defensa tenaz, ata o límite e a miúdo en condicións precarias.

Neste caso, pois, o xornalista quere dicir que o equipo local per-deu pero que lle puxo as cousas difíciles ao seu rival, aínda que fora máis poderoso.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Desenvolver a comprensión lectora e analizar o contido dun texto.	Asimilar un texto explicativo sobre a organización territorial da Hispania romana axudándose dun mapa. *A organización…*
DIXITAL	Interpretar información na Internet para ampliar coñecementos.	Investigar sobre o intento de conquista de Numancia. Act. 7.
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	Adoptar estratexias e recursos que favorezan a creatividade.	Pórse no papel dun historiador romano para xustificar a conquista de Hispania. Act. 6.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/688347 – Vídeo no que se amosan as principais vías de Hispania.
- http://www.tiching.com/688349 – Estenso artigo dedicado ás calzadas romanas: explícase como se construían, que infraestruturas se encontraban no camiño e as principais rutas que existían.

Encontramos tamén interesantes ilustracións e fotografías.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- A cidade e o urbanismo adquiren un gran desenvolvemento en época romana. O alumnado observará a ilustración dunha cidade modelo para identificar:

- Os edificios de carácter público, de tipo administrativo, relixioso ou lúdico.

- A importancia do trazado urbano e da enxeñería na arquitectura romana.

- Ademais, identifícanse distintas clases sociais que habitan nela.

Solucións das actividades

1. Nas cidades vivían os seguintes grupos sociais:

Por unha parte, os máis ricos que vivían en casas luxosas e pertencían ao mundo da política ou dos negocios, como comerciantes, propietarios de terras ou homes de negocios.

Por outra parte, a maioría da poboación que traballaba a terra, nos talleres de artesanía ou nos distintos servizos que ofrecía a cidade.

Finalmente, estaban os escla-vos, persoas que non só traballaban para outra persoa,senón que eran da súa propiedade.

2. As respostas son:

– A cidade que apararece no debuxo estaba situada na costa, ao lado do porto.

Fóra do recinto amurallado encontrábanse os campos de cultivo, as vilas e o Coliseo, un edificio circular no que tiñan lugar as loitas de gladiadores.

No debuxo vemos con claridade que a cidade romana se estruturaba arredor de dúas principais: o cardo e o decumano. Estas dúas rúas absolutamente rectas, atravesaban a cidade de punta a punta e desembocaban nas portas de entrada da muralla.

A muralla tiña catro portas de entrada. Cada porta estaba flanqueada por dúas torres. Tamén hai torres nos ángulos que formaba a muralla. Esta muralla presentaba unha for-

4 Vivo...

Nunha cidade hispanorromana

As cidades reunían no seu recinto diferentes grupos sociais. Desde elas, os romanos dirixían a política e mais a economía.

- ✔ Os cidadáns máis ricos dedicábanse á política e aos negocios. Eran os grandes propietarios de terras, comerciantes e homes de negocios.
- ✔ Vivían en casas individuais moi luxosas (***domus***) e no seu tempo libre ían ás termas, ao teatro, ao circo ou acudían ao foro.
- ✔ A maioría da poboación eran artesáns, traballadores dedicados aos servizos ou campesiños. Realizaban as súas tarefas nos obradoiros, nas tabernas (comercios), etc.
- ✔ Vivían en edificios de pisos (***insula***), polo xeral en cuartos alugados.
- ✔ Tamén había moitos **escravos**, isto é, persoas que non eran libres senón propiedade doutra persoa, para a que traballaban.
- ✔ Todos os grupos sociais participaban nas festas e espectáculos que decote se levaban a cabo nos edificios públicos da cidade.

1. Que grupos sociais vivían nas cidades? Que diferenzas había entre eles?
2. Observa atentamente o debuxo e explica como era unha cidade romana:
   - Estrutura, recinto amurallado e elementos fóra das murallas.
   - Como se abastecía de auga a cidade?
   - Onde se situaba o centro urbano? Que dúas rúas se cruzaban nel? Que edificios contiña?
   - Explica as diferenzas entre os dous tipos de vivenda (*domus* e *insula*).
   - Describe os edificios públicos máis importantes e explica a súa función.

A cidade

As cidades estaban **amuralladas**. No recinto urbano atopábanse as vivendas e os edificios públicos.

As rúas estaban empedradas.

A auga potable chegaba ás fontes da cidade a través de **acuedutos** e canalizacións.

Tamén había **cloacas** para as augas residuais.

146 Tema 9

Intelixencias múltiples	Activ.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	2	Observar detidamente o debuxo e explicar como era unha cidade romana seguindo as cuestións previamente establecidas.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Ler,coñecer e comprender os grupos sociais que vivían nas cidades e que diferenzas había entre eles. Act. 1
Comunicación lingüística	Desenvolver a comprensión lectora e analizar o contido dun texto Expresarse por escrito con corrección ortográfica, sintáctica e gramatical.	Comprender, asimilar e coñecer a información relacionada coa área de coñecemento. *Vivo …* Observar detidamente o debuxo e explicar como era unha cidade romana tendo en conta os aspectos e cuestións que se formulan. Act. 2
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Autoavaliar os resultados dos procesos de aprendizaxe	Asimilar os conceptos lidos coa interpretación en cada unha das actividades propostas. Act. 2

Os edificios públicos

No centro da cidade había unha gran praza (**foro**) no lugar onde se cruzaban as dúas rúas principais (*cardo* e *decumanus*). Nel situábanse os principais edificios de goberno e relixiosos.

Os **arcos de triunfo** conmemoraban vitorias dos emperadores.

As **termas** dedicábanse á hixiene e ao deporte.

Repartidos por diversos puntos da cidade estaban os edificios para espectáculos: no **teatro** representábanse comedias; no **anfiteatro** tiñan lugar as loitas de gladiadores, e no **circo** facíanse as carreiras de cuadrigas.

Os mercados

Na cidade había moitos mercados para abastecer a poboación, e situábanse en lugares céntricos.

Nos mercados, os **campesiños** vendían os seus produtos e os **artesáns** tiñan os seus obradoiros onde podían adquirirse zapatos, tecidos, cerámicas...

Tema 9 147

ma moi regular, case octogonal, excepto polo ángulo no que se encontraban os baños públicos, que era un ángulo recto.

– O acueduto abastecía de auga a cidade, entraba xustamente por esta parte da muralla, xa que as termas a consumían en gran cantidade.

  As termas eran recintos con piscinas de auga a distintas temperaturas que servían non só para bañarse, senón como centros de reunión social. Vemos no debuxo que tiñan unha piscina exterior e un xardín.

  A auga potable chegaba ás fontes da cidade a través de canalizacións; e as augas residuais pasaban polos sumidoiros. Esta xestión da auga demostra o alto desenvolvemento da enxeñería romana.

– O centro urbano situábase no foro, unha gran praza que se encontraba no cruce do cardo e do decumano. O foro contiña os principais edificios de goberno e relixiosos, e no debuxo apréciase un arco do triunfo que servía de entrada. Moi preto do foro encontramos a praza do mercado, onde se podía adquirir artesanía e os produtos que os campesiños traían dos arredores.

– As casas ricas, *domus,* eran grandes e construíanse arredor dun patio central. As *ínsulas* eran bloques de pisos onde vivían familias que tiñan menos recursos.

– Algúns dos edificios públicos máis importantes, a parte das termas, eran os edificios para espectáculos.

  Ademais dun anfiteatro había un teatro que era un recinto semicircular e descuberto no que se representaban comedias e un circo onde se celebraban carreiras de cuadrigas.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/688387 – Vídeo que recrea unha cidade romana ideal. Describe como eran os seus edificios, as principais vías e destaca a importancia que tivo a difusión do modo de vida urbano no proceso de romanización.

- http://www.tiching.com/683524 – Resumo de 10 minutos do documental realizado pola BBC sobre o último día de Pompeia, antes de ser sepultada polas cinzas do Vesuvio.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

Actividades abertas que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....

.....

Orientacións didácticas

- A partir de dous personaxes ficticios analizamos como era a vida cotiá en tempos dos romanos.
- Ao mesmo tempo, sinálanse as diferenzas de clase: patricios e plebeos.

Solucións das actividades

1. Os dous personaxes da historia son Marco Tulio e Caio Cornelio, ambos cidadáns da Bética.

   Marco Tulio traballa nun *thermopolium*, isto é, nunha taberna, servindo bebidas e comidas.

   Caio Cornelio é un comerciante, o patrón desta taberna e doutros negocios, que viven nunha típica *domus* romana.

2. O día de Marco Tulio comprende as seguintes actividades:

   Érguese coa saída do Sol, aséase rapidamente e vístese cunha túnica. Adoita almorzar pan con aceite ou viño, queixo ou mel.

   Antes de ir ao traballo, diríxese ao despacho do patrón da taberna na que traballa.

   Traballará ata as sete da tarde e logo irá ver carreiras de cuadrigas ou combates de gladiadores.

   Máis tarde ceará na casa xunto á súa familia. Normalmente toman cereais amasados e fritos e van axiña á cama, para non gastar os fachos que os alumean cando é de noite.

   O día de Caio Cornelio comprende outras actividades:

   Érguese cedo, lávase e vístede con axuda dose sus escravos, pero non almorza demasiado, xa que ceou de forma copiosa.

   Pasa a mañá no foro e no mercado ocupándose dos seus negocios

   Máis tarde irá ás termas, onde se encontra cos seus amigos, charla e fai exercicio.

   Algunhas noites invita varios amigos a cear. Cando chegen un escravo lavaralles os pés e perfumaraos.

   Cearán de forma abundante pratos deliciosos, que comerán coas mans, sen garfo. Ao terminar poderán xogar ou gozar dun espec-

5 Son...

Un cidadán da Gallaecia

Marco Tulio vive nunha insula de Bracara Augusta, a capital da Gallaecia. O seu patrón, Caio Cornelio, habita unha luxosa domus preto do foro. Queres saber como transcorre un día da súa vida?

Pola mañá, a visita ao patrón

- ✔ Marco Tulio érguese cada mañá coa saída do Sol. O seu aseo é rápido, xa que nas vivendas sinxelas non hai auga corrente, e vístese coa súa túnica.
- ✔ Toma un almorzo de pan con aceite ou viño, queixo ou mel. Despois vai visitar o seu patrón, Caio Cornelio, que cada mañá recibe no *tablinium* da súa casa todos os seus clientes e traballadores.
- ✔ O seu patrón tamén adoita madrugar. A súa casa ten auga corrente e os escravos axúdano a lavarse e a vestirse. O seu almorzo ás veces é moi lixeiro, un vaso de auga, debido a que as ceas adoitan ser moi abundantes.

Reconstrución dun *thermopilum* romano. Os romanos adoitaban comer quente a diario neste tipo de tabernas.

A xornada laboral

- ✔ Á primeira hora da mañá, Marco Tulio acode ao *thermopilum* (taberna), un dos negocios de Caio Cornelio, onde traballa ata as 7 da tarde servindo comidas e bebidas.
- ✔ Caio Cornelio é un gran comerciante e pasa a mañá cos seus escravos no foro e no mercado, onde teñen lugar os negocios.



Intelixencias múltiples	Activ.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	3	Describir como era unha domus romana e arredor de que estancia se distribuían os cuartos.
	4	Coñecer que dependencias tiña, que actividades se realizaban en cada unha e con que se podería comparar agora.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Ler, comprender e asimilar os coñecementos relacionados coa área. *Son… un cidadán da….*
Comunicación lingüística	Desenvolver a comprensión lectora e analizar o contido dun texto	Identificar quen son os dous personaxes princpais desta historia. Act. 1
Aprender a aprender	Realizar as tarefas encomendadas e presentalas de forma pulcra e ordenada.	Realizar un esquema coas actividades desenvolvias por Marco Tulio ao longo do día, comparando a vida dun patricio coa dun plebeo. Act. 2

Pola tarde, o ocio

- ✔ Pola tarde, os romanos dedican o seu tempo libre ao ocio. Marco Tulio adoita ir ás carreiras de cuadrigas ou ao anfiteatro a ver combates de gladiadores.
- ✔ Caio Cornelio prefire ir ao teatro, onde se representan divertidas comedias, ou ás termas, onde se reúne cos seus amigos para charlar, facer ximnasia e tomar baños. Un escravo dálle masaxes para tonificar os seus músculos.

A cea, a comida principal

- ✔ Marco Tulio adoita cear na casa coa súa familia. Moitos días toman cereais amasados e fritos.
- ✔ Despois de cear déitanse cedo para non ter que ter prendidos moito tempo os fachos que os iluminan.
- ✔ Caio Cornelio recibe esta noite na súa casa varios amigos. Á súa chegada, un escravo lávalles os pés e perfúmaos. Seguidamente, pasan ao comedor.
- ✔ Os escravos sérvenlles unha cea abundante e exquisita que comen coas mans, xa que non existe o garfo, e medio deitados nunha especie de cama, o *triclinium*.
- ✔ Despois de cear, o anfitrión adoita ofrecer xogos, músicos, comediantes e bailarinas para entreter os seus convidados.


APERITIVO
Ostras e mexillóns en prebe
Ameixas e lagostinos
Faisán con espárragos
BEBIDA: Viño mesturado con mel

COMIDA PRINCIPAL
Paté de polo
Costeletas de cabrito
Cabeza de xabaril
Peituga de pato asada
Patos salvaxes en prebe
Lebres e polo en prebe
BEBIDA: Viño quente

SOBREMESA
Crema de fariña
Pastel de Vicencia
BEBIDA: Viño doce

1. Quen son os dous personaxes centrais desta historia?
2. Fai un esquema sinalando que actividades desenvolve Marco Tulio ao longo do día. Fai o mesmo con Caio Cornelio e compara a vida cotiá dun patricio e mais a dun plebeo romanos.
3. Describe como era unha *domus* romana. Ao redor de que estancia se situaban os principais cuartos?
4. Fíxate nas termas e describe que dependencias tiña e que actividade se realizaba en cada unha delas. Con que edificio actual se podería comparar?

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/739001 – Enlace sobre a provincia romana Gallaecia que nos servirá para situar esta provincia dentro do imperio romano.
- http://www.tiching.com/739002 – Podemos visualizar este vídeo como exemplo do sistema de calefacción que se utilizaba nas vilas da provincia Gallaecia. A continuación pedirémoslle ao alumnado que realice un esquema do primeiro recurso e do segundo que elabore un plano dunhas termas romanas.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

táculo.

Se comparamos a vida cotiá de Marco Tulio e de Caio Cornelio observamos que:

Caio Cornelio dispón de auga corrente na casa. Tamén ten escravos que o axudan a lavarse e a vestirse.

Cea de forma copiosa, mentres que Marco só toma cereais amasados e fritos. Por iso Caio, pola mañá non ten fame e come pouco ou nada, mentres que Marco si que almorza.

O tempo de lecer tamén se dedica a espectáculos distintos. Mentres que Marco vai ao anfiteatro ou ao circo, Caio vai ao teatro ou ás termas.

3. A *domus* romana era unha casa grande, de dous pisos, na que vivía unha familia e os seus escravos.

Tiña un patio con xardín, un elegante comedor, coas paredes decoradas, unha gran cociña, un patio interior e, no piso superior, un despacho e os dormitorios.

As habitacións principais situábanse arredor dun patio interior chamado atrio.

4. As termas romanas constaban de distintas dependencias:

A auga chega pol acueduto e quéntase por uns fornos construídos con ladrillo. A auga quente distribúese por uns tubos que pasan polas paredes.

Ao lado da calefacción está a piscina de auga quente, logo a de auga morna e, ao lado, a de auga fría.

Hai tamén unha sauna, unha sala de masaxe e un ximnasio no exterior. As termas poderíanse comparar cun ximnasio actual.

ANOTACIÓNS

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Orientacións didácticas

- Este apartado enumera os distintos campos nos que a presenza romana se fai aínda evidente.

- O idioma, orixe das linguas latinas, faladas aínda en gran parte de Europa.

- O desenvolvemento urbanístico e as vías de comunicación.

- O calendario e os días da semana.

- Na fin do Imperio, a oficialidade da relixión cristiá.

Solucións das actividades

1. A palabra *illa* está escrita en:

Castelán/ catalán / francés / italiano / romanés

A palabra *auga* está escrita en:

Castelán / catalán / italiano / galego.

Parécense tanto porque todas estas linguas comparten unha mesma raíz, o latín, a lingua dos romanos.

2. Estas expresións significan:

A posteriori: Unha vez observados os feitos, a partir da experiencia.

Ex professo: De propósito, con intención de.

In situ: No mesmo sitio.

Viceversa: Ao contrario, polo contrario, do revés.

Bis: Por segunda vez.

Vox populi: Cousa sabida e repetida por todo o mundo.

Resposta persoal.

Actividades de reforzo

1. *Que linguas de orixe latina se falan na Península Ibérica?*

Solución: o castelán, o catalán, o galego e o portugués.

Actividades de ampliación

1. *Sabes se na Península Ibérica se fala algunha lingua que non se derive do latín?*

Solución: Si, o euskera non deriva do latín.

2. *As linguas latinas fálanse soamente no continente europeo*

6 Como é...

O legado que nos deixaron os romanos

Hispania formou parte do Imperio romano durante máis de 600 anos. Os hispanos adoptaron a lingua, a relixión, a cultura e os costumes romanos. Este proceso de integración no mundo romano chámase romanización.

A romanización das nosas terras fixo que algúns romanos ilustres procedesen de Hispania, como os emperadores Traxano e Adriano e o filósofo Séneca.

O galego e o castelán derivan do latín

- A herdanza e o legado cultural que nos deixaron os romanos aínda o podemos atopar en moitos aspectos dos nosos costumes e da nosa vida cotiá.
- O **latín** era a lingua común de todos os habitantes do Imperio. Co paso dos séculos, o latín foise transformando ata dar lugar a outras linguas: galego, castelán, catalán, portugués, italiano, francés...

  O galego e mais o castelán teñen moitas palabras latinas (como *lapsus, plus, etcétera*) e expresións (como *vox populi, in fraganti*), que seguen a utilizarse na actualidade.

Inscrición latina sobre mármore do século I a.C.

O cristianismo

Relevo romano que amosa a Xesucristo, século IV d.C.

- O cristianismo naceu en Xudea, unha provincia do Imperio romano. A nova relixión foi propagada por **Xesús de Nazaret**, que foi perseguido e crucificado polas autoridades romanas.
- Tras a súa morte, os seus seguidores (apóstolos) predicaron o cristianismo, que foi gañando moitos adeptos.
- Ao principio, os cristiáns foron perseguidos, pero no século IV d.C, o emperador Teodosio declarou o cristianismo como **relixión oficial** do Imperio.
- O cristianismo é hoxe en día a relixión con máis fieis en Europa e América. Moitas das **festividades** que celebramos (Nadal, Reis, Semana Santa...) están relacionadas coa vida de Xesucristo.
- A **cronoloxía** que utilizamos en Historia divide os anos en: antes do nacemento de Cristo (a.C.) e despois do nacemento de Cristo (d.C.).

150 Tema 9

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES	ACTIV.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Lingüística	2	Explicar o significado das expresións latinas que aínda utilizamos.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
SOCIAIS E CÍVICAS	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Ler e recoñecer o legado dos romanos. *Como é…*
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Expresarse por escrito con corrección ortográfica, sintáctica e gramatical. Desenvolver a comprensión lectora e analizar o contido dun texto	Observar as palabras escritas en diferentes linguas, identificar de que outra lingua se trata e explicar por que son tan similares. Act. 1 Explicar o significado das expresións latinas que aínda hoxe utilizamos e escribir oracións con cada unha delas. Act. 2
APRENDER A APRENDER	Relacionar elementos diversos establecendo paralelismos...	Escribir oracións coa serie de expresións latinas. Act. 2
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	Adquirir o gusto por ampliar os coñecementos e investigar	Ter iniciativa para buscar o contexto e utilizar as expresións latinas. Act. 2

O calendario de doce meses

- ✔ O calendario de **doce meses** con **anos bisestos** foi creado polos romanos.
- ✔ O nome dos meses do ano tamén provén dos romanos. Por exemplo, o mes de xullo chámase así por estar dedicado a Xulio César, e o de agosto, ao emperador Augusto.
- ✔ Os romanos crearon a **semana de sete días** e tamén estableceron o domingo como día de descanso.

Mosaico romano que representa as catro estacións, atopado na cidade romana de Complutum (Alcalá de Henares).

As cidades e as calzadas

- ✔ Moitas cidades españolas actuais foron fundadas polos romanos e, en moitos casos, o antigo foro aínda coincide co centro da cidade.
- ✔ Os romanos introduciron o uso do **cemento** na construción, que lles permitiu construír edificios máis altos e resistentes.
- ✔ Ademais, proporcionáronlles ás cidades servizos que aínda se manteñen: levaron a auga corrente a través dos acuedutos e construíron sistemas de calefacción e redes de sumidoiros.
- ✔ A rede de **calzadas** romanas coincide aínda con moitas estradas e autoestradas actuais. En España, o trazado da Autoestrada do Mediterráneo mantén en parte o itinerario que seguía a Vía Augusta.

Tramo dunha antiga calzada romana ao seu paso pola vila de San Tomé.

As leis romanas

- ✔ A civilización romana cría que todos os cidadáns tiñan uns dereitos e uns deberes que se debían cumprir e respectar. Estes dereitos e deberes foron escritos en forma de leis e constitúen o **dereito romano**.
- ✔ Algunhas das nosas leis actuais están baseadas neste dereito romano.

1. Fíxate nestas palabras que están escritas en diferentes linguas:

– isla/illa/île/isola/insula

– agua/aigua/acqua/auga

En que linguas cres que están escritas? Saberías dicir por que se parecen tanto?

2. Di que significado teñen as seguintes expresións latinas que aínda hoxe utilizamos: *a posteriori, ex profeso, in situ, viceversa, bis* e *vox populi*.

Escribe unha frase con cada unha delas.

Solución: Non, fálanse tamén outros continentes, por exemplo en América, como consecuencia da colonización.

3. Busca que nome lles dsaban os romanos aos meses e explica porque se chamaban así:

Solución:

Ianuarius: De Ianus, deus das portas e dos inicios.

Februarius: Fai referencia aos festivais de purificación que se celebraban neste mes.

Martius: Homenaxe ao deus da guerra. Marte.

Aprilis: Probablemente deriva de *aprire,* es decir, abrir. Referíase á apertura da vexetación en primavera. Tamén podería estar dedicado a Apru, unha deusa etrusca que se relaciona con Venus.

Maius: Maia era a deusa da primavera e dos cultivos. Tamén podería referirse a *maiores,* eisto é, aos antepasados.

Iunius: Podería ser en honor á deuxa Xuno, pero tamén podería derivar de *iuniores,* é dicir, mozos ou descendentes.

Quintilis: Era o quinto mes do ano no calendario romano primitivo. Xulio César morreu neste mes e púxoselle xullo no seu honor.

Sextilis: Era o sexto mes no calendario primitivo romano. Posteriormente cambióuselle o nome en honor ao emperador Augusto.

September: Por ser o sétimo mes no calendario romano primitivo.

October: Era o oitavo mes no calendario primitivo.

November: Era o noveno mes.

December: Era o décimo mes.

4. Busca o percorrido da Autopista do Mediterráneo e cálcao sobre un papel vexetal, xunto co perfíl da Península Ibérica. Fai o mesmo co da Vía Augusta e compara o resultado.

Solución: Debuxo persoal.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/688461 – Vídeo de 25 minutos sobre o legado romano en Occidente: a lingua, as vías de comunicación, a enxeñería, etc. Póñense como exemplo as cidades de Nimes, Orange, Mérida, Tarragona e Itálica.

A partir do minuto 13:30 céntrase na influencia romana na Península Ibérica.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- A partir do patrimonio arquitectónico que se conserva da época romana podemos facer unha idea de como vivían, e podemos establecer paralelismos coas formas de vida actuais.

- Estudaremos os templos relixiosos, os edificios destinados aos espectáculos, as pontes e acuedutos e os arcos de triunfo.

Solucións das actividades

1. *O templo romano de Vic* é un edificio rectangular situado nunha posición lixeramente elevada respecto ao nivel do chan.

   Accédese a el mediante unha escalinata que conduce ao pórtico, un pequeno espazo cuberto pero sen paredes, rodeado soamente de columnas.

   Estas columnas sosteñen unha cuberta triangular, chamada frontón que é característica dos templos gregos e romanos.

   Pasado o pórtico, entrábase no edificio, que era un espazo pechado onde se gardaba a estatua do deus ao que estaba dedicado o templo.

   O templo era, pois, un espazo dedicado ao culto dun ou varios deuses.

   O escenario do *teatro de Mérida* está lixeiramente alzado, para que o público puidera ver mellor os actores.

   Detrás do escenario chámanos a atención unha impresionante estrutura de dous pisos, cada un dos cales se compón dun gran número de columnas.

   Diante del, hai un espazo semicircular rodeado pola gradaría na que sentaba o público.

   O teatro era o lugar no que se representaban as comedias.

   O *anfiteatro de Tarragona* é un espazo descuberto situado moi preto da praia.

   A area que é o espazo central e que ten forma circular está rodeada de gradarías nas que sentan os espectadores.

   No anfiteatro celébranse distintos tipos de espectáculos: loitas de gladiadores, de animais e

Zoom Patrimonio...

Como xa sabes, na Hispania romana fundáronse numerosas cidades, construíronse obras públicas (estradas, pontes...) e tamén moitos edificios (templos, circos...). Unha parte deste patrimonio sobreviviu ao paso do tempo e amosa o noso pasado romano.

OS TEMPLOS

Os templos romanos tiñan unha estrutura parecida. Entrábase por unha escalinata que levaba a un **pórtico** con **columnas** e a un espazo cerrado, onde se gardaba a estatua do deus e onde só entraban os sacerdotes. As cerimonias, ás que asistían os fieis, tiñan lugar no exterior.

Algúns dos templos romanos máis importantes de España son os de Mérida (Badaxoz), Alcántara (Cáceres), Córdoba e Vic (Barcelona).



Templo romano de Vic.

OS ESPAZOS PÚBLICOS PARA O OCIO

Entre os espazos públicos de entretemento do mundo romano destacan os anfiteatros, os teatros, os circos e as termas.

Os anfiteatros tiñan forma circular. Foron moi importantes o **anfiteatro de Córdoba**, que chegou a ter capacidade para uns 30 000 espectadores, o de Tarragona e o de Itálica (Sevilla).

Os teatros eran semicirculares, con bancadas para o público e un escenario. Os máis destacados de Hispania son os **teatros** de **Mérida**, Sagunto (Valencia), construído sobre a ladeira dunha montaña, e Segobriga (Cuenca).

Anfiteatro da cidade de Tarragona.

Teatro de Emerita Augusta (Mérida, Badaxoz).

152 Tema 9

Intelixencias múltiples	Activ.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Espacial	1	Observar as imaxes, facer comparacións sobre o uso que se lle daba e o uso actual, razoar por que se manteñen en pé este tipo de edificacións.
	2	Observar as imaxes e responder as preguntas relacionadas coa súa función, construción e forma.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Ler, recoñecer o legado artístico e patrimonial da época romana. *Zoom Patrimonio…*
Conciencia e expresións culturais	Valorar os diferentes tipos de obras de arte que forman parte do patrimonio cultural.	Razoar sobre a existencia dos diferentes edificios romanos da época e o seu mantemento ata hoxe en día. Act. 1
Aprender a aprender	Relacionar elementos diversos establecendo paralelismos...	Identificar os edificios actuais que cumpren as funcións que os edificios da época romana e razoar o motivo polo cal se manteñen en pé. Act. 1

AS PONTES E OS ACUEDUTOS

A moitas cidades de Hispania chegaban un ou varios acuedutos, formados por unha sucesión de arcos que canalizaban a auga. Destaca o **acueduto de Segovia** polo seu bo estado de conservación.

Os romanos tamén construíron nas nosas terras numerosas pontes para cruzar os ríos, como a **ponte de Alcántara** ou a do río Guadalquivir ao seu paso por Córdoba.

Acueduto da cidade de Segovia.

Ponte de Alcántara sobre o río Texo.

OS ARCOS DE TRIUNFO

Os arcos de triunfo, construídos para conmemorar as vitorias do Imperio romano nas batallas, eran unhas portas simbólicas de entrada á cidade.

En Hispania destacan o **arco de Medinaceli** (Soria) e o de **Bará** (Tarragona).

Arco de Medinaceli (Soria).

1. Fíxate no templo romano, no teatro e no anfiteatro. Descríbeos e lembra para que servían estes edificios.

Na actualidade hai edificios con funcións similares. Cales? Para que serven? Razoa por que cres que co paso do tempo aínda se mantén este tipo de edificacións.

2. Observa as imaxes da ponte romana, do acueduto e do arco de triunfo:

- De que material están construídos?
- Describe a súa forma e a súa función.
- Que construcións coma estas continúan a realizarse na actualidade?

ata representacións de combates entre barcos.

Resposta persoal. A modo de exemplo, o alumnado pode falar das igrexas ou dos estadios de fútbol.

Este tipo de edificios mantéñense pola necesidade de reunirse para celebrar distintos tipos de actos, xa sexan de carácter relixioso ou festivo.

2. As respostas son:

- O acueduto de Segovia, o arco de Medinaceli e a ponte de Alcántara están construídos con bloques de pedra.
- Comparten unha estrutura similar: Todos usan arco de medio punto e gañan altura coa axuda de piares.

  O arco de triunfo de Medinaceli consta soamente dunha apertura, aínda que hai arcos de triunfo que teñen máis.

  No caso das pontes e acuedutos colócanse tantos arcos como sexa necesario para cruzar o río ou transportar a auga dun punto a outro.
- Hoxe continúanse construíndo pontes e acuedutos. Algúns dos antigos acuedutos seguen funcionando, aínda que as canles se cambiaran por por tuberías pechadas.

  Os arcos de triunfo non son tan habituais, aínda que seguen existindo construcións que conmemoran feitos histó-ricos.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/688350 – Documental de 47 minutos sobre a tecnoloxía romana, de National Geographic. Podemos preguntar:

– *Como conseguiron os romanos que a cúpula do Panteón non caera?*

– *Cantas persoas vivían na antiga cidade de Roma?*

– *Cantos pisos chegaron a ter as casas?*

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

Actividades abertas que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Actividades de reforzo

1. Busca información sobre algún dos monumentos que aparecen nas fotografías do libro.

– *Cando se construíu?*

– *Mantívose ata os nosos días ou reconstruíuse?*

– *Séguese utilizando hoxe en día?*

Solución: Resposta persoal.

ANOTACIÓNS

.....

.....

.....

.....

Orientacións didácticas

- Neste último apartado *Repaso o aprendido* revisaremos todo o estudado ata agora.
- O alumnado terá que utilizar a capacidade de dedución para responder as cuestións sobre hipotéticos restos da época.
- Finalmente, estudaremos a cidade de Mérida, unha das máis importantes da época en Hispania.

Solucións das actividades

1. Actividade persoal.

Antes de que os alumnos empecen a copiar nos seus cadernos aproveitaremos a actividade para repasar brevemente os conceptos que aparecen no mapa.

Animaremos todos os alumnos a participar.

2. Os romanos formaron un potente *exército* co que conquistaron as terras de arredor do mar *Mediterráneo* e crearon un Imperio.

Antes da chegada dos romanos vivían na Península ibérica os *iberos* e os *celtas.*

Os romanos *conquistaron* as terras da Península Ibérica a partir do século III a.C e chamáronas *Hispania.*

As *cidades* romanas eran o centro da vida económica, *política* e *cultural* do Imperio.

As cidades estaban rodeadas por unha *muralla,* e as rúas estaban *empedradas*. A auga potable chegaba a través de *acueductos.*

Os romanos deixáronnos un legado moi importante, como a *lingua,* o *calendario,* as *calzadas,* o *cristianismo* e o *urbanismo.*

3. Os obxectos que se encontraron indícannos que o enxoval funerario seguramente pertencía a unha tumba celta, xa que este era un pobo máis combativo que o ibero.

Resposta persoal. En termos xerais, o alumnado ten que mencionar o templo, o teatro, o anfiteatro ou circo, a muralla, o acueduto ou as termas.

Repaso o aprendido

1. Copia este mapa conceptual no teu caderno.



2. Copia e completa no teu caderno.

- Antes da chegada dos romanos vivían na Península Ibérica os ... e os ....
- Os romanos formaron un potente ... co que conquistaron as terras do redor do mar ... e crearon un ....
- Os romanos ... as terras da Península Ibérica a partir do século III a.C. e chamáronas ....
- As ... romanas eran o centro da vida económica, ... e ... do Imperio.
- As cidades estaban rodeadas por unha ..., e as rúas estaban .... A auga potable chegaba a través de ....
- Os romanos deixáronnos un legado moi importante, como a ..., o ..., as ..., o ... e o ....

3. Razoa a resposta.

- Nunha tumba da Hispania prerromana atopouse un enxoval funerario formado por unha espada de ferro, unha fibela de bronce e unha placa de bronce cunha inscrición. Cres que era unha tumba celta ou ibera? Por que?
- Imaxina que se descobren os restos dunha capital de provincia romana preto da túa localidade. Que construcións cres que poderán atopar os arqueólogos e arqueólogas que a escaven? Que disposición é probable que teñan?

154 Tema 9

Intelixencias múltiples	Activ.	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	3	Practicar a expresión escrita e a asimilación de contidos imaxinando, desenvolvendo e analizando dúas situacións na Hispania prerromana e romana.
Interpersoal	4	Elaborar un traballo en grupo e un mural para ampliar coñecementos sobre a cidade de Emérita Augusta.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Aprender a aprender	Relacionar elementos diversos establecendo paralelismos entre eles.	Asimilar e familiarizarse co mundo romano copiando un mapa conceptual con puntos básicos do tempo dos romanos. Act. 1.
Sociais e cívicas	Interesarse polo pasado e adquirir ferramentas para o seu coñecemento.	Elaborar traballos colectivos para reforzar coñecementos sobre Emérita Augusta. Act. 4.
Comunicación lingüística	Desenvolver a habilidade, a eficacia e a claridade na expresión escrita.	Practicar a expresión escrita analizando dúas situacións hipotéticas relacionadas coa Hispania prerromana e romana. Act. 3.

Repaso o aprendido

1. Copia este mapa conceptual no teu caderno.



2. Copia e completa no teu caderno.

- Antes da chegada dos romanos vivían na Península Ibérica os ... e os ....
- Os romanos formaron un potente ... co que conquistaron as terras do redor do mar ... e crearon un ....
- Os romanos ... as terras da Península Ibérica a partir do século III a.C. e chamáronas ....
- As ... romanas eran o centro da vida económica, ... e ... do Imperio.
- As cidades estaban rodeadas por unha ..., e as rúas estaban .... A auga potable chegaba a través de ....
- Os romanos deixáronnos un legado moi importante, como a ..., o ..., as ..., o ... e o ....

3. Razoa a resposta.

- Nunha tumba da Hispania prerromana atopouse un enxoval funerario formado por unha espada de ferro, unha fibela de bronce e unha placa de bronce cunha inscrición. Cres que era unha tumba celta ou ibera? Por que?
- Imaxina que se descobren os restos dunha capital de provincia romana preto da túa localidade. Que construcións cres que poderán atopar os arqueólogos e arqueólogas que a escaven? Que disposición é probable que teñan?

154 Tema 9

É probable que estean dispos-tos seguindo un trazado cuadricular.

4. Actividade en grupo.

5. De esquerda a dereita os edificios que non son de época romana son os seguintes: o primeiro, é un castelo medieval; o terceiro é unha construción ibérica; o quinto é un dolmen prehistórico e a imaxe situada á dereita á un rañaceos.

As construcións romanas que aparecen nas imaxes son, de esquerdas a dereita: a segunda, é un acueduto, a cuarta é un templo e a sexta é un anfiteatro.

Actividades de reforzo

1. Busca información na Internet sobre a caída do Imperio Romano:

– *Que pasou no ano 476?*

– *Quen eran os bárbaros?*

– *Por que recibían este nome?*

Solución:

– En 476 Odoacro, un caudillo bárbaro, destituíu o emperador Rómulo Augusto e asumiu o poder.

– Os bárbaros eran os pobos que vivían máis alá das fronteiras do Imperio.

– "Bárbaro" en grego significa "o que balbuce". Recibían ese nome porque a lingua dos estranxeiros aos gregos e romanos parecíalles un balbucido.

Navegamos por Tiching

■ http://www.tiching.com/688473 − Nesta páxina web encontramos distintos mapas interactivos sobre Historia Antiga. Centrarémonos no que está dedicado á civilización romana, que inclúe varias diapositivas que amosan sobre o mapa a evolución do Imperio:

– *Ao lado de que río se fundou Roma?*

– *Onde estaba situada a cidade de Cartago?*

– *Que dous ríos marcaban a fronteira no Norte? Sabes como se chamaban os poboa que habitaban más alá da fronteira?*

Libro dixital

■ *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

■ *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Anotacións

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Avalío os meus logros

1. Completa as frases no teu caderno:

- A poboación dun territorio aumenta cando hai máis … que … e diminúe cando as … superan os … .
- Na Terra viven ao redor de … de persoas. España ten unha poboación duns … habitantes.
- Os datos da … e do … dos habitantes dun territorio represéntanse de forma gráfica nas pirámides de poboación.
- Todas as persoas temos que inscribirnos no … do Concello. Este acto chámase … .

2. Le o texto e responde as preguntas no teu caderno:

Miguel ten 50 anos e é condutor de camións. A súa muller traballa nunha tenda de roupa. Viven na cidade.

O seu irmán máis vello, Xoán, quedou na vila e cultiva as terras da familia.

O fillo de Xoán encontrou traballo nunha fábrica de coches e trasladouse xunto coa súa muller a vivir tamén á cidade.

- De que traballa Miguel? En que sector económico e en que tipo de actividade o incluirías? E o traballo da súa muller? Razoa se é un sector que proporciona moito ou pouco emprego en España.
- En que traballa Xoán? A que sector pertence? Cita actividades dese sector.
- O fillo de Xoán, que traballo ten? En que sector o sitúas? É un sector importante en España?

3. Copia no teu caderno o seguinte eixe cronolóxico:

Sitúa no eixe as tres etapas históricas. Despois, data e coloca os seguintes elementos:

4. A continuación, podes ver unha serie de obxectos que se utilizaban na Prehistoria. Obsérvaos con atención e completa o cadro no teu caderno:

Obxecto	Nome	Material co que está elaborado	Utilidade que tiña	Etapa á que pertence
	Arpón	…	…	…
	…	…	…	…
	…	…	…	…
	…	…	…	…
	…	…	…	…

5. Observa estas imaxes de construcións do pasado. Copia no teu caderno unha ficha como a de mostra e elabora unha para cada imaxe:

Ficha
- Tipo de monumento: …
- Descrición: …
- Función que tiña: …
- Etapa histórica: …

6. Busca cal é a Comunidade Autónoma de cada provincia:

Zamora – Teruel – Cádiz – Murcia – Alacante – Lugo – Cáceres – Madrid

- Hai algunha provincia que teña o mesmo nome que a súa Comunidade Autónoma? Por que cres que é así?

SOLUCIÓNS DAS ACTIVIDADES

Avalío os meus logros

1. Os alumnos completarán as frases no seu caderno do seguinte xeito:

- A poboación dun territorio aumenta cando hai máis *nacementos* que *mortes.* E diminúe cando as *mortes* superan os *nacementos.*
- Na Terra viven arredor de *7 mil millóns de* habitantes. España ten unha poboación de *46,5 millóns* de ha-bitantes.
- Os datos da *idade* e do *sexo* dos habitantes dun territorio represéntanse de forma gráfica nas pirámides de poboación.
- Todas as persoas temos que inscribirnos no *padrón* do Concello. Este acto chámase *empadronarse.*

2. As respostas da actividade atendendo ao texto son:

- Miguel traballa conducindo

INTELIXENCIAS MÚLTIPLES	ACTIV.	TAREFA PARA DESENVOLVER EN CADA ACTIVIDADE
Espacial	*4 Avalío*	Completar o cadro coa información dos obxectos que aparecen na imaxe.
	6 Avalío	Buscar as Comunidades Autónomas da serie de provincias que aparecen e identificar o nome de provincia e comunidade que coincidan.
	2 Practico	Relacionar os elementos cos textos e explicalo.
	4 Practico	Identificar os espazos dunha cidade romana e elaborar un mural con ilustracións.
Lingüística	*1 Practico*	Ler e identificar as tres clases sociais de Roma.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
APRENDER A APRENDER	Desenvolver técnicas para organizar a información mediante a clasificación en cadros	Observar os obxectos que se utilizaban na prehistoria, completar a táboa coa información relacionada. Act. 4 *Av*
CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS	Desenvolver actitudes de interese pola propia cultura e valorar as culturas distintas á propia. Valorar os diferentes tipos de obras de arte que forman parte do patrimonio cultural.	Realizar unha ficha coa información de cada un dos monumentos e edificios. *Act. 5 Avalío...* Identificar no debuxo os espazos físicos da cidade e traballar nalgún deles. Act. 4 *Practico...*
SOCIAIS E CÍVICAS	Interesarse polo pasado e o seu coñecemento.	Copiar o eixe cronolóxico coas tres etapas históricas e engadir os datos, feitos históricos que se concretan. *Act. 3 Avalío....*

Repaso o aprendido

1. Copia este mapa conceptual no teu caderno.



2. Copia e completa no teu caderno.

- Antes da chegada dos romanos vivían na Península Ibérica os ... e os ....
- Os romanos formaron un potente ... co que conquistaron as terras do redor do mar ... e crearon un ....
- Os romanos ... as terras da Península Ibérica a partir do século III a.C. e chamáronas ....
- As ... romanas eran o centro da vida económica, ... e ... do Imperio.
- As cidades estaban rodeadas por unha ..., e as rúas estaban .... A auga potable chegaba a través de ....
- Os romanos deixáronnos un legado moi importante, como a ..., o ..., as ..., o ... e o ....

3. Razoa a resposta.

- Nunha tumba da Hispania prerromana atopouse un enxoval funerario formado por unha espada de ferro, unha fibela de bronce e unha placa de bronce cunha inscrición. Cres que era unha tumba celta ou ibera? Por que?
- Imaxina que se descobren os restos dunha capital de provincia romana preto da túa localidade. Que construcións cres que poderán atopar os arqueólogos e arqueólogas que a escaven? Que disposición é probable que teñan?

4. Descubrimos Emerita Augusta.

Emerita Augusta foi unha das cidades máis importantes da Hispania romana. Foi declarada Patrimonio da Humanidade no ano 2000.

Propoñémosvos visitar Emerita Augusta para descubrirdes o noso pasado romano. Pero antes de visitala expoñémosvos un traballo por grupos:

a. Grupo 1. Situade Emerita Augusta nun mapa de España:
- Indicade a Comunidade Autónoma actual na que se sitúa a cidade.
- Buscade información sobre a fundación de Emerita Augusta e sinalade no mapa cando se converteu en colonia romana.
- Indagade que importante vía romana pasaba por esta cidade.

b. Grupo 2. As construcións máis importantes de Emerita Augusta son o Templo de Diana, o anfiteatro, o teatro, o circo, os acuedutos e os foros.

Descubride que restos se conservan aínda destes monumentos. Facede unha ficha de cada un, cunha foto e coa explicación das súas características máis importantes.



c. Entre tod@s. Confeccionade un gran mural:
- Na parte superior do mural escribide unha presentación da cidade de Emerita Augusta (época, edificios principais, etc.).
- Situade no centro do mural o mapa da cidade que traballastes.
- Colocade as imaxes e as fichas dos monumentos ao redor do mapa da cidade de Emerita Augusta.

XOGANDO TAMÉN SE APRENDE

5. Detecta o intruso.

Neste mosaico mesturáronse algunhas imaxes de edificios que non son de época romana.

Identificaos e indica tamén que tipo de construcións son as romanas.

COMPETENCIA	INDICADORES	TAREFAS E ACTIVIDADES
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	Adquirir o gusto por ampliar os coñecementos e investigar Participar de forma autónoma na planificación de actividades.	Colocar os feitos históricos e as tres etapas históricas de forma autónoma. Act. 3 *Avalío...* Realizar proxectos de forma individual tomando decisións sobre as súas características. Act. 1 *Practico...*
COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	Desenvolver a comprensión lectora e analizar o contido dun texto	Ler o texto e contestar as preguntas no caderno. *Act. 1 Practico..., Act. 1 Avalío...*

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/728831– Podemos utilizar este recurso para poder repasar o tema. Esta páxina web ofrece información sobre a época romana. O enlace tamén contén actividades interactivas para que o alumnado poida repasar o tema.

A continuación podemos pedirlle ao alumnado que realice un esquema para poder resumir o tema. Nel pode introducir os aspectos e características principais que definen este período.

Tamén podemos realizar unha actividade que consista en describir un xacemento arqueolóxico romano que o alumnado visitara ou que coñeza.

camións. Traballa, polo tanto, no sector terciario, o dos servizos. A súa muller traballa nunha tendas de roupa, tamén no sector terciario. Este é un sector que proporciona moito emprego en España.

- Xan trasballa cultivando as terras da familia. Pertence ao sector primario. Outras actividades do sector primario serían: a gandería, a caza ou a pesca.
- O fillo de Xan traballa nunha fábrica de coches, no sector secundario. O sector secundario é importante en España, pero menos que o terciario

3. O eixe cronolóxico é:

- Paleolítico: Primeiros seres humanos. Ata 8000 a.C.
- Neolítico: Agricultura e gandería. De 8000 a.C. a 5000 a.C.
- Idade dos Metais: Obxectos de metal. De 5000 a.C. a 3000 a.C.

(continúa na páxina 9-24)

Practico competencias

Presentámosche tres textos que amosan que a sociedade romana non era homoxénea e que existían diferentes grupos sociais con riqueza, traballo e posición social moi diversa:

Texto 1

Valerio posúe moitas terras. A súa familia é unha das fundadoras de Roma. Vive nunha domus con moitos criados. Polas mañás, despois de almorzar, dedícase aos seus negocios. Adoita pasar polas termas onde se ve cos seus amigos. Participa no goberno da cidade que se fundou hai 500 anos.

Ao caer a tarde vai á súa mansión para a cea que adoita ser moi abundante e animada.

Texto 2

Aunia érguese cada adía ao amencer. Debe prender o lume para facer o almorzo e ocuparse de preparar o baño e os vestidos que poñerá a súa dona.

Máis tarde irá ao mercado mercar o que lle encargase a súa señora. As súas tarefas son inesgotables e lembra con morriña a súa infancia en Hispania, antes de ser levada a Roma, logo da conquista da súa provincia.

Texto 3

Caio e **Xulia** son un matrimonio. Teñen dous fillos e posúen unha pequena taberna nos baixos dunha ínsula, onde tamén viven. Son libres pero bastante pobres. Traballan todo o día e ao chegar a noite soben ao seu cuarto onde preparan unha cea frugal de cereais e froita.

Esta semana están contentos porque irán ao circo a ver un espectáculo para celebrar que Roma se converteu nun Imperio.

1. Le atentamente os textos para identificares os tres principais grupos sociais de Roma:

- Primeiro debedes deducir a que grupo social corresponde cada texto. Para iso respondede as preguntas: A que se dedica o seu personaxe? Onde vive? Cales son as súas actividades ou obrigas? Que tipo de casa ten? Que fai no seu tempo libre? Por que razón non pode ser doutro grupo social?
- Unha vez que lle asignedes cada texto a un grupo social, dividídevos en tres grupos; cada un asumirá o papel dun deles. Nunha redacción de 10 liñas escribide as características dese grupo en Roma e explicádellas ao resto da clase.
- Por último colocade na súa época cada un dos personaxes partindo das pistas cronolóxicas que vos dan os textos.

2. Relaciona estes debuxos con cada un dos personaxes dos textos e explica os motivos da túa elección:

3. O Imperio romano espállase por numerosos territorios:

- Aunia é de orixe hispana. Na cidade de Roma había persoas de moitos lugares do Imperio. Cita tres zonas conquistadas por Roma, que non sexan Hispania, das que podían provir algúns dos habitantes de Roma.
- Os hispanos, ao seren conquistados por Roma, pertencían a dúas grandes culturas. Cales eran? Que características tiñan?

4. Nos textos cítanse diferentes espazos da cidade. Identificaos nos debuxos que che amosamos. Despois cada grupo escollerá un destes espazos e elaborará un mural, con ilustracións e unha ficha das súas características.



Orientacións didácticas

- O Proxecto TIC consiste nunha serie de pautas e orientacións que se aplican a unha proposta de traballo colaborativo.

  Pretende fomentar o traballo en equipo e a procura e interpretación da información.

- O profesorado guiará o seu alumnado á aplicación de coñecementos e habilidades necesarias para resolver en equipo as actividades do proxecto.

  Tamén potenciará a súa capacidade para buscar información e adquirir coñecementos en medios tan diversos como o libro de texto, as bibliotecas ou a Internet.

  Para isto, deberá implicar o alumnado e os seus familiares no desenvolvemento do proxecto.

Solucións das actividades

Descubre…

- Neste proxecto TIC, o alumnado aprenderá a buscar información sobre o consumo

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Respectar as normas de convivencia na redonda familiar, escolar e veciñal.	Identificar e asimilar o que é o consumo responsable, as súas vantaxes e as diferenzas entre o consumo en grandes superficies e comercio local. Act. *Proxecto TIC.*
Dixital	Utilizar as TIC para obter e expresar contidos.	Buscar información na Internet sobre consumo responsable. Act. *Planificación..., Explorador@...* Crear en grupo un mercado virtual de consumo responsable utilizando a plataforma dixital da escola. Act. *Planificación...* Utilizar a tableta e as súas aplicacións para aprender. *Aprende...*
Conciencia e expresións culturais	Realizar traballos manuais seguindo as instrucións que se propoñen.	Elaborar un póster a favor do consumo responsable cun procesador de textos valorando o seu deseño gráfico e a orixinalidade do seu eslogan. Act. *Desenvolvemento...*
Aprender a aprender	Esforzarse para resolver as actividades de crecente complexidade.	Crear un establecemento ou mercado virtual seguindo os pasos marcados no libro de texto e utilizando as TIC como soporte principal. Act. *Proxecto TIC.*
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Reflexionar sobre as normas de convivencia para asumir responsabilidades. Participar de forma activa en actividades colaborativas.	Presentar en grupo ante a clase o deseño dun mercado virtual. Act. *Planificación..., Desenvolvemento...* Valorar a propia conduta en relación co consumo responsable. Act. *Avaliación. Que...*



Proxecto TIC

Mercado virtual de consumo responsable

Para un consumo responsable, a elección dun produto ou servizo débese facer non só en función da súa calidade ou prezo, senón tamén baseándose no seu impacto social e ambiental.

Se queredes aprender máis sobre este tema, animámosvos a participar nun mercado virtual de consumo responsable. Preparados?

Descubre...

- ✔ Que é o consumo responsable?
- ✔ Que diferenza hai entre unha gran superficie e unha tenda local?
- ✔ Por que consumimos produtos que non necesitamos? Que influencia teñen as grandes superficies niso? E as tendas de barrio?

CONSUMO RESPONSABLE

Das nosas actuacións dependerá un futuro máis sustentable para todos.

PASO PREVIO. Que sabemos e que queremos saber?

a) En primeiro lugar, respondede a seguinte enquisa relacionada co consumo familiar.

b) Despois, poñede en común as respostas co conxunto da clase.

- Facedes a compra familiar...
  - ☐ nas tendas e no mercado do barrio.
  - ☐ no supermercado e en grandes superficies.
- Cando ides mercar...
  - ☐ formuládesvos cales son as vosas necesidades e non caedes na tentación de comprar máis do necesario.
  - ☐ indentificades cales son as vosas necesidades, pero sempre mercades algún capricho.
- Nas promocións ou ofertas dos produtos...
  - ☐ non distinguides se o que queredes é o produto ou o agasallo que ás veces acompaña ao produto.
  - ☐ tedes moi claro que o que queredes é o produto, malia o regalo que o acompañe.
- Nos produtos de alimentación...
  - ☐ priorizades os alimentos frescos, locais e de tempada.
  - ☐ priorizades os produtos industriais e envasados, independentemente da súa calidade e orixe.

Tenda local

Supermercado

160



PLANIFICACIÓN. Que temos que facer?

Para creardes o voso mercado virtual de consumo responsable, primeiro debedes recoller información. Propoñémosvos, para iso, as seguintes actividades:

a) Visitar diferentes tipos de establecementos coa familia: un gran supermercado e tendas locais de barrio (carnizaría, peixaría, froitaría, etc.).

b) En grupos reducidos, recompilar a información que se pide neste debuxo do supermercado.

c) Realizar fotografías de todos os produtos que analicedes para despois poder confeccionar o voso propio mercado virtual.

Comparar un SUPERMERCADO cunha TENDA LOCAL

1. A orixe dos produtos frescos	• Apuntar a orixe (lugar de procedencia) de 5 froitas, 5 verduras, 3 pezas de carne e 3 variedades de peixe de cada establecemento. • Describir como son as pezas: todas iguais e perfectas ou irregulares, e dicir se van envasadas ou non. • Apuntar se son produtos que se atopan na nosa contorna máis próxima ou son variedades importadas doutros países ou rexións.
2. Os prezos de venda	• Anotar o prezo dos produtos que analizastes en cada establecemento. • Buscar cinco ofertas e describilas.
3. A distribución dos produtos nos andeis	• Explicar como se distribúen os produtos nos andeis. • Anotar que produtos hai xunto ás caixas. • Describir que produtos hai nos andeis á vista dos nenos.
4. O trato persoal e outras observacións	• Anotar quen atende os clientes (un empregado, o propietario do negocio, etc.). • Explicar que tipo de trato ten con eles.

explorador@dixital Consumo responsable www.tiching.com/688602

d) **Compartide** toda a documentación que recollestes entre os membros do grupo e expresade que información falta, quen a vai buscar, onde, etc.

161

responsable, as diferenzas entre as grandes superficies e as tendas locais, como estas afectan o noso consumo de produtos innecesarios, e a expor dita información nunha presentación dixital.

Neste apartado introdutorio formúlanse as preguntas que se terán que ir respondendo de forma detallada ao longo deste proxecto.

– *Que é o consumo responsable?*
– *Que diferenza hai entre unha gran superficie e unha tendas local?*
– *Por que consumimos produtos que non necesitamos? Que influencia teñen as grandes superficies nisto? E as tendas de barrio?*

Paso previo: Que sabemos e que queremos saber?

Actividades de realización persoal e colectiva. Para empezar co proxecto os alumnos deberán responder a enquisa proposta na páxina 152 sobre o consumo familiar. Despois deberán pór as respostas en común co resto da clase.

Planificación. Que temos que facer?

Actividades de realización persoal e colectiva. Para a creación do mercado virtual, os alumnos terán que realizar previamente unha serie de actividades de campo propostas na páxina 153.

Antes de realizar esas actividades, o docente debería ampliar o coñecemento dos estudantes en materia de consumo responsable accedendo ao seguinte sitio web:

http://www.tiching.com/688602

Desenvolvemento. Como o facemos?

Actividades de realización persoal e colectiva. Neste apartado, imos darlles unha serie de pautas aos alumnos para o deseño dun mercado virtual de comercio responsable.

Deberán crear unha táboa coas especificacións que encontrarán na páxina 154 e exporán en público os seus resultados.

Avalación. Que aprendemos?

Actividades de realización persoal e colectiva. O docente dividirá a clase en grupos para responder as sete preguntas propostas na páxina 155, e con esa información crear un decálogo de normas básicas de consumo responsable.

Finalmente os alumnos crearán un póster que estimule o consumo responsable centrándose nun dos puntos do seu decálogo.

Para asentar o seu coñecemento sobre o tema, podémoslles propor o uso da aplicación *Temporada de verdura* na súa tableta.

(vén da páxina 9-21)

3. *(Continuación.)*

- 3000 a.C.: Aparece a escritura.

4. Os alumnos completarán o cadro así:

Arpón / asta / caza / paleolítico

Muíño / pedra / moer o gran / neolítico

Punta de frecha / sílex / caza / paleolítico

Vaso / cerámica / almacenar e cocer alimentos / neolítico

Colar / metal / adorno / idade dos metais

5. a) *Tipo de monumento:* Dolmen.

Descrición: Recinto formado por varias pedras verticais cravadas no chan e cubertas por unha gran laxa.

Función que tiña: No seu interior realizábanse enterramentos colectivos.

Etapa histórica: Neolítico e Idade dos Metais.

b) *Tipo de monumento*: Arco de triunfo.

Descrición: Arco de medio punto que une dúas piastras. Na parte superior había normalmente un gravado ou unha escultura conmemorativa.

Función que tiña. Conmemorar as vitorias militares dos emperadores.

Etapa histórica: Ten a súa orixe no Imperio romano aínda que atopamos exemplos de épocas posteriores.

c) *Tipo de monumento*: Acueduto.

Descrición: Tres pisos compostos por varios arcos de medio punto unidos por piastras.

Función que tiña: Transportar a auga dun sitio a outro por un canal situado na parte superior.

Etapa histórica: Ten a súa orixe no imperio romano aínda que encontramos exemplos posteriores.

6. Zamora: Castela e León.

Teruel: Aragón.

Cádiz: Andalucía.

Murcia: Rexión de Murcia.

Alacante: Comunidade Valenciá.

Lugo: Galicia.

Cáceres: Estremadura.

Madrid: Comunidade de Madrid.

Murcia e a Comunidade de Madrid teñen o mesmo nome. Son comunidades uniprovinciais.

Practico competencias

1. Identificamos os tres grupos sociais de Roma:

– O primeiro texto corresponde ao grupo de cidadáns ricos, os patricios.

O personaxe, que se chama Valerio, dedícase aos negocios e á política. Vive nunha gran mansión familiar con moitos criados. As súas obrigas son facer negocios e política. No seu tempo libre dedícase aos seus amigos, vai ás termas e organiza ceas na súa casa. A casa na que vive é unha *domus*, é dicir, ten moitas habitacións arredor dun patio central.

Non pode ser doutro grupo social porque ten criados e pertence ás familias fundadoras de Roma.

– O segundo texto corresponde a unha escrava.

O personaxe, que se chama Electra, dedícase a ocuparse da casa e da súa ama: prepáralle o baño e os vestidos, vai ao mercado comprar, fai as tarefas da casa, etc. Naceu en Macedonia, pero trala conquista deste territorio por parte de Roma, foi vendida como escrava e agora vive na casa da súa ama e non dispón de tempo libre.

Non pode ser doutro grupo social porque ten unha ama, isto é, non é libre.

– O terceiro texto corresponde a un matrimonio de xente plebea.

Os personaxes, Caio e Xulia, traballan nunha taberna. Viven na mesma ínsula na que teñen a taberna. Traballan todo o día e a casa na que viven forma parte dun edificio no que viven máis familias. No seu tempo libre poden ir ao circo e outros espectáculos.

– Redacción en grupo.

– A partir das pistas que nos dá o texto sabemos:

Valerio vive 400 anos despois da fundación de Roma, polo tanto vive a mediados do século IV a. C., xa que Roma se fundou a mediados do século VIII a.C.

Electra vive na época en que Roma conquista Macedonia, isto é, cara ao século II a. C.

Caio e Xulia viven na época do emperador Augusto, que naceu no ano 63 a.C. e morreu no ano 14 d.C.

2. Se relacionamos os debuxos cos personaxes deducimos que:

Valerio pertencía ao grupo dos n obres, xa que sabemos que a súa familia foi unha das fundadoras de Roma, polo tanto é un patricio. Ademais ten negocios e participa no goberno da cidade.

Electra era unha escrava.

Caio e Xulia formaban parte da plebe.

3. – En Roma podía vivir xente procedente do Norte de África, de Britania, da Galia, de Asia Menor, Siria, Exipto, Grecia ou Dacia.

(continúa na páxina 9-25)

NAVEGAMOS POR TICHING

TICHING	WEBS
http://www.tiching.com/683524	http://www.youtube.com/watch?v=k_1DpVrA1FA
http://www.tiching.com/688265	http://www.timemaps.com/history-navigation
http://www.tiching.com/688321	https://www.youtube.com/watch?v=nQ-x0SFWPys
http://www.tiching.com/688322	http://vimeo.com/8205003
http://www.tiching.com/688347	https://www.youtube.com/watch?v=uQV-RkjQrS0
http://www.tiching.com/688349	http://loslugarestienenmemoria.blogspot.com.es/2013/04/calzadas-romanas-construccion.html
http://www.tiching.com/688350	https://www.youtube.com/watch?v=65xZkpp8yI8
http://www.tiching.com/688387	https://www.youtube.com/embed/E4TGtaj5eb0
http://www.tiching.com/688461	https://www.youtube.com/watch?v=A6xaDJeZPlU
http://www.tiching.com/688473	http://www.eduplace.com/kids/socsci/ca/books/bkf3
http://www.tiching.com/688602	https://www.youtube.com/embed/m4JsOJnVIs8
http://www.tiching.com/727538	http://www.romanorumvita.com/?p=7760〈=ca
http://www.tiching.com/728831	http://cplosangeles.juntaextremadura.net/web/edilim/curso_2/cmedio/pasado02/romanos02/romanos02.html
http://www.tiching.com/738998	https://www.youtube.com/watch?v=AXjCvDbRElY
http://www.tiching.com/738999	https://www.youtube.com/watch?v=O5HRNQNiNFA
http://www.tiching.com/739000	https://www.youtube.com/watch?v=L_7f-k9sq7U
http://www.tiching.com/739001	https://gl.wikipedia.org/wiki/Gallaecia
http://www.tiching.com/739002	https://www.youtube.com/watch?v=VICF-_YVQ3Y

SOLUCIÓNS DAS ACTIVIDADES *(continuación)*

(vén da páxina 9-24)

3. – As dúas grandes culturas ás que pertencían os hispanos ao ser conquistados eran a ibérica e a celta.

   Tanto os iberos como os celtas practicaban a agricultura e a gandería, vivían en poboados amurallados en zonas elevadas e sabían traballar a cerámica, o bronce, o ferro e a la.

   A diferenza dos celtas, os iberos estableceron relacións comerciais cos pobos chegados do leste do Mediterráneo, como os fenicios, os gregos e os cartaxineses. Ademais os iberos tiñan un sistema propio de escritura. Porén os celtas eran máis guerreiros e habitaban poboados e casas máis sinxelos.

4. Identificamos os espazos da cidade que se cita nos textos:

O número 1 corresponde ao texto tres, a ínsula coa taberna de Caio e Xulia.

O número 2 corresponde ao circo ao que acoden Caio e Xulia nos eu tempo de lecer, polo tanto, corresponde tamén ao terceiro texto.

Finalmente, o número 3 representa unhas termas, ás que vai Valerio ao terminar o día. Aparece polo tanto no primeiro texto.

Actividade de traballo en grupo.

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES

ANOTACIÓNS

© VICENS VIVES